

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/11	Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria: Ordinaria

Data e hora: 1ª convocatoria: 30 de outubro de 2025 ás 20:00

2ª convocatoria: 3 de novembro de 2025 ás 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: FRANCISCO CALO ABELLEIRA

Secretario: GUILLERMO JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTON	NON
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025



Resolución:

Non habendo observacións ao contido da acta, apróbase por unanimidade dos (12) membros presentes.

Toma en razón do pase á situación de non adscrito do concelleiro José antonio Caamaño Lestón	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O pleno toma coñecemento e dáse por enterado.

Expediente 688/2025. Dación de contas do Plan Anual de Control Financeiro 2025	
Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación

Resolución:

Por parte da Alcaldía retirase o punto da orde do día xa que este asunto foi tratado no Pleno Ordinario anterior.

Ratificación da inclusión e, no seu caso, aprobación da proposta da Alcaldía relativa á disolución Grupo Mixto municipal	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte da Alcaldía explícase o contido da proposta e que se trae o asunto ao pleno sen pasar pola comisión informativa ao non dar tempo a incluílo na convocatoria da mesma.

Votación da inclusión: unanimidade dos (12) membros presentes.

Por parte da Presidencia dáse lectura da proposta, cuxo teor literal dí:

“Visto que en data 19/10/2025 foi comunicada a este Concello a resolución de data 16/10/2025 ditada pola Comisión Federal de Ética e Garantías do Partido Socialista Obrero Español, a través da cal se ratificou a expulsión definitiva de dito partido político do Concelleiro do Grupo Mixto municipal d. José Antonio Caamaño Lestón.

Considerando que tal circunstancia fai que dito concelleiro pase a ter a consideración de non adscrito, ao abeiro do recollido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, provocando o

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025

Rúa da Vila, 1. 15230 Outes. A Coruña | 981 85 00 03 | concello@outes.gal | **outes.gal**



abandono do grupo municipal no que se atopaba integrado aos efectos da súa actuación corporativa.

Visto que o abandono anterior implica que o grupo municipal mixto quede sen integrantes, esta Alcaldía propón ao pleno da corporación para o seu estudo, debate e votación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Que o pleno da corporación tome coñecemento da disolución do grupo mixto municipal.*

Segundo.- *Deixar, a partir da adopción do presente acordo e no relativo ao extinto grupo mixto, sen efecto as asignacións económicas aprobadas mediante acordo plenario de data 24/07/2023, así como calesquera recursos materiais e persoais postos a disposición deste.*

Terceiro.- *Notificar o presente acordo aos integrantes do Grupo Mixto municipal."*

Iniciase o debate tomando a palabra o Sr. González López, voceiro de Compromiso Outes, indicando que é o normal toda vez que se procedeu a expulsión definitiva e firme do PSOE do Concelleiro Caamaño, estando prevista esta circunstancia no informe emitido pola Secretaría municipal con anterioridade á presentación da moción de censura.

Fai uso da súa quenda o Sr. Núñez Fernández, voceiro do BNG, indicando que hoxe se suma unha páxina máis á farsa que se iniciou coa moción de censura, confirmándose o que xa se sabía e se advertiu por eles e pola Secretaría municipal, procedendo a ler as conclusións do informe emitido por esta última.

Continúa indicando que o que aquí se trae é o paso previo á retirada de calquera competencia e retribución que o concelleiro transfuga ven percibindo.

Finalizado o debate, procédese á votación quedando o punto **aprobado** por **unanimidade dos (12) membros presentes.**

Ratificación da inclusión e, no seu caso, aprobación da proposta da Alcaldía relativa á modificación da composición das comisións informativas	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Por parte da Alcaldía explícase o contido da proposta e que se trae o asunto ao



pleno sen pasar pola comisión informativa ao non dar tempo a incluílo na convocatoria da mesma.

Votación da inclusión: unanimidade dos (12) membros presentes.

Por parte da Presidencia dáse lectura da proposta, cuxo teor literal dí:

“Visto que en data 19/10/2025 foi comunicada a este Concello a resolución de data 16/10/2025 ditada pola Comisión Federal de Ética e Garantías do Partido Socialista Obrero Español, a través da cal se ratificou a expulsión definitiva de dito partido político do Concelleiro do Grupo Mixto municipal d. José Antonio Caamaño Lestón.

Considerando que tal circunstancia fai que dito concelleiro pase a ter a consideración de non adscrito, ao abeiro do recollido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Á vista do anterior, procede modificar a composición das comisións permanentes informativas co gallo de reflectir esta nova situación e asegurar a correcta representación política nestes órganos.

Polo anteriormente exposto, e en virtude do recollido no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, PROPOÑO ao Pleno a seguinte modificación da composición das seguintes Comisións Informativas:

PRIMEIRO.- As comisións estarán integradas por cadanseus 7 membros dos que, en virtude do principio de representación proporcional, lles corresponderán 3 escaños ao grupo do Partido Popular, 2 escaños ao grupo de Compromiso Outes, 1 ao un ao grupo do Bloque Nacionalista Galego e 1 ao concelleiro non adscrito.

SEGUNDO.- O resto de elementos (número, denominación e periodicidade das sesión), manteñense en idénticos términos que no recollido no acordo plenario de creación de data 24/07/2023.”

E non habendo debate, sométese a votación o punto, quedando **aprobado por maioría simple**, sendo seis votos favorables (PP) e seis abstencións (Compromiso Outes e BNG)

Expediente 991/2025. Proposta de Alcaldía para a aprobación da solicitude de participación na primeira fase do POS+2025 Adicional 4	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0



Por parte da Presidencia dáse lectura á proposta ditaminada pola Comisión Informativa, cuxo teor literal é o seguinte:

“O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión celebrada o 3 de outubro de 2025, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia.

O antedito acordo publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 192, do 08/10/2025.

Vista a circular de outubro de 2025 da Deputación da Coruña, no que informa da aprobación e condicións de execución do Plan Adicional 4/2025, do POS Único Concellos do ano 2025 e asigna ao Concello de Outes o importe de 231.278,08 € ao antedito Plan adicional, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025	
Gastos correntes 2025	150.000,00 €	
Redución da débeda do concello coa deputación	0	
TOTAL	150.000,00 €	
<i>Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025</i>		231.278,08
<i>Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025</i>		150.000,00
<i>Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025</i>		81.278,08 €

SEGUNDO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da



Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

TERCEIRO.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”*

Iníciase o debate polo Sr. González López, voceiro de Compromiso Outes, indicando que é positivo que por parte da Deputación se acheguen mais de 230.000 euros adicionais ao xa aportados, sendo chamativo que por parte do goberno actual se destinen a gasto corrente cando na oposición criticaban ao executivo anterior por facer o mesmo.

Engade que así mesmo ao anterior goberno se lle achacaba que aprobase no último día os plans do POS, e agora eles fan o mesmo, puntualizando que lle parecería adecuado dedicar parte deste plan adicional á amortización de débeda.

Intervén a Sra. Agra Tuñas, voceira neste punto do grupo municipal do BNG, facendo constar a aportación que por parte da Deputación se fai aos concello para atender os servizos que prestan estes, e que nalgúns casos correspondería o seu financiamento á Xunta de Galicia, e que sumado a outros plans da Deputación, supoñen un pulo imprescindible para os concellos en contraste coa política orzamentaria que fai a Xunta de Galicia cos concellos.

Por parte da Alcaldía indica que a diferenza é que o executivo anterior dedicou o 100% do POS a gasto corrente, pero que neste caso dedícase unha primeira fase un 65% a gasto corrente e na seguinte o 35% restante vai a inversión, considerando que é o mellor para os veciños.

Intervén o Sr. González López para indicar que eles tiñan proposto no plan complementario mais de 250.000 € destinados a obras, as cales con as leves variacións introducidas polo actual executivo se van a realizar.

A Sra. Agra Tuñas comenta que non é nada malo dedicalo a gasto corrente, posto que isto libera outros fondos para a realización de obras a través de fondos propios as cales son máis áxiles de executar.

Finalizado o debate sométese a votación o punto, quedando **aprobado por maioría simple**, sendo seis votos favorables (PP) e seis abstencións (Compromiso Outes e BNG)

Expediente 366/2025. Proposta da Alcaldía relativa ao incremento de



cantidades globais dedicadas a gratificacións e productividades	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Procede á exposición e lectura da proposta ditaminada pola comisión informativa a Concelleira de Facenda, dna. María Beatriz Molinos Vidal, cuxo teor literal é o seguinte:

“Segundo ao establecido no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, no que se determina que o complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interés e iniciativa co que o persoal funcionario desempeña o seu traballo, e que corresponde ao Alcalde a asignación individual, sempre que remunere servizos que excedan do rendemento habitual ou realizados fóra da xornada laboral, con suxeición aos criterios que, no seu caso, estableza o Pleno.

Tendo en conta os créditos totais orzamentarios consignados inicialmente no Orzamento Municipal do exercicio 2025 para gratificacións e productividades do persoal:

Descrición	Crédito total consignado
Gratificacións	15.000€
Productividades	2.000€

Constatado que estas cantidades resultaron insuficientes e atendendo ao disposto na base duodécima das bases para a execución do Orzamento Municipal e nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de transferencias de crédito.

Visto o documento de retención de crédito (RC) que costa unido ao expediente.

ACORDO:

PRIMEIRO. *Proceder ao incremento das cantidades globais en gratificacións e productividades nun total de 9.200,00€ e 11.700,00€ respectivamente, resultando un total de 20.900,00€.”*

Intervén o Sr. González López, para preguntar se tanto este punto como o seguinte é necesario aprobalo por maioría absoluta ou basta con maioría simple.

Por parte do secretario indícase que son modificacións orzamentarias cuxa



aprobación require maioría simple dos membros presentes.

Continúa o Sr. González López indicando que é necesario retribuir os traballos efectivamente realizados polo persoal municipal e que con esta proposta o que se trata e de darlle solución a falta de crédito para tal fin.

Polo voceiro do BNG, o sr. Núñez Fernández, indica que se traen neste intre case 20.000 euros para poder sufragar os traballos pendentes de retribuir aos traballadores e recórdalle ao alcalde que o seu grupo municipal criticaba ao anterior executivo cando traían ao pleno propostas similares.

Finalizado o debate sométese a votación o punto, quedando **aprobado por maioría absoluta**, sendo oito votos favorables (PP e BNG) e catro abstencións (Compromiso Outes)

Expediente 990/2025. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos - Transferencia de crédito 2/2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Procede á lectura da proposta ditaminada pola Comisión Especial de Contas a Concelleira de Facenda, dna. María Beatriz Molinos Vidal, cuxo teor literal é o seguinte:

“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos 2/2025, entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, dada a urxente necesidade da súa realización emito a seguinte proposta,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. *Mediante providencia de alcaldía de data 20 de outubro de 2025 incoouse expediente para a redución de gastos do orzamento en vigor, mediante a modalidade de transferencia de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente, non comprometidas pertencentes a distinta área de gasto.*

SEGUNDO. *Con data 20 de outubro de 2025, emitíuse memoria de alcaldía na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.*



TERCEIRO. Con data 20 de outubro de 2025, emitiuse informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e informe de intervención polo que se informou favorablemente a proposta de alcaldía, e elaborouse informe de intervención sobre o cálculo a estabilidade orzamentaria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

— O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— Os artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.¹

— Artigo 42, 173 e 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

— Artigo 22.2.a), e) e 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.

— O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

— A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

— O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con



habilitación de carácter nacional.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos na modalidade de transferencia de crédito núm. 2/2025, entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

APLICACIONES DE GASTOS QUE CEDEN CRÉDITO

Pro.	Eco.	Descripción	Créditos Totales consignados	Créditos disponibles	TC 2/2025	Créditos definitivos tras TC 2/2025
161	63300	Maquinaria e inst. técnicas	35.000,00	35.000,00	-30.000,00	5.000,00
171	61900	Otr.inver.reposic.infraes	30.000,00	30.000,00	-20.000,00	10.000,00
454	61900	Caminos vecinales Otr.inver.reposic.infraes	139.706,94	48.029,46	-20.000,00	119.706,94
171	62300	Maquinaria	58.720,29	20.426,57	-10.000,00	48.720,29
432	13000	Retribuciones básicas.	21.144,54	21.144,54	-10.000,00	11.144,54
1531	60900	Ot.inv.infr.y b.uso gral	7.000,00	7.000,00	-5.000,00	2.000,00
432	16000	Seguridad Social.	6.812,76	6.812,76	-5.000,00	1.812,76
TOTAL					-	100.000,0

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025

Rúa da Vila, 1. 15230 Outes. A Coruña | 981 85 00 03 | concello@outes.gal | **outes.gal**



	0	
--	----------	--

APLICACIONES DE GASTOS QUE RECIBEN CRÉDITO

Pro	Eco.	Descripción	Créditos Totales consignado s	Saldo de Crédito Disponible Real	TC 2/2025	Créditos definitivos tras TC 2/2025
321	2219 9	Otros suministros.	3.500,00	-1.486,54	1.500,00	5.000,00
321	2270 0	Ed. preescolar y primaria Limpieza y aseo.	29.102,36	-1.793,32	1.800,00	30.902,36
334	2260 9	Promoción cultural Activ. culturales y depor	120.198,00	-3.879,30	4.000,00	124.198,00
334	2269 9	Promoción cultural Otros gastos diversos.	4.100,00	-3.564,70	3.800,00	7.900,00
334	2279 9	Otros trabajos realizados	10.000,00	-2.167,76	2.200,00	12.200,00
338	2050 0	Arrend.mobiliario y enser	21.000,00	-17.451,28	20.000,00	41.000,00
338	2210 5	Fiestas populares y feste Productos alimenticios.	4.000,00	-3.375,29	4.500,00	8.500,00
338	2211 1	Sum.repuestos maq, utilla	0,00	-1.292,39	1.200,00	1.200,00
338	2260 9	Activ. culturales y depor	6.500,00	-4.227,00	5.000,00	11.500,00
338	2279	Otros trabajos	0,00	-7.216,00	9.000,00	9.000,00

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025



	9	realizados				
341	2219 9	Otros suministros.	0,00	-1.966,69	2.000,00	2.000,00
341	2269 9	Otros gastos diversos.	2.000,00	-2.902,50	3.000,00	5.000,00
341	2279 9	Otros trabajos realizados	2.800,00	-3.466,97	4.500,00	7.300,00
342	2130 0	Instalaciones deportivas Maqu., instalac.y utillaj	6.700,00	-6.563,52	8.000,00	14.700,00
342	2210 3	Instalaciones deportivas Combustibles y carburante	20.000,00	-12.585,02	17.000,00	37.000,00
342	2210 6	Prod.farmac.y mat.sanitar	500,00	-1.750,30	2.000,00	2.500,00
342	2211 1	Sum.repuestos maq, utilla	4.000,00	-1.173,43	1.500,00	5.500,00
342	2219 9	Otros suministros.	7.800,00	-3.017,65	4.000,00	11.800,00
342	2220 0	Instalaciones deportivas Servicios de Telecomunica	1.500,00	-1.137,18	1.500,00	3.000,00
342	2279 9	Otros trabajos realizados	1.400,00	-2.531,46	3.500,00	4.900,00
TOTAL					100.000,00	

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de



edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

No entanto, a corporación acordará o que estime pertinente.”

Toma a palabra o voceiro de Compromiso Outes para indicar que é normal este tipo de modificacións, pero que sería de agradecer un pouco mais de detalle e explicacións das partidas afectadas.

O voceiro do BNG indica que é normal durante a execución orzamentaria que o goberno de turno derive os créditos a aquelas atencións que considere prioritarias, advertindo tamén a escaseza de explicacións na exposición da proposta.

Intervén a Concelleira de Facenda, dna. María Beatriz Molinos Vidal, indicando que a explicación a teñen no expediente.

Finalizado o debate sométese a votación o punto, quedando **aprobado por maioría simple**, sendo seis votos favorables (PP) e seis abstencións (Compromiso Outes e BNG)

Moción do Grupo Municipal do BNG relativa á reivindicación do 25N e o incremento dos recursos públicos para facer fronte á violencia machista	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Antes do inicio da exposición intervén o señor González López para preguntar se é posible a presentación dunha moción de urxencia nese intre pois víñase facendo desta forma.

Por parte da Secretaría indícase que non procede, sendo o momento adecuado facelo xusto antes de pasar ao punto de rogos e preguntas.

Procede acto seguido a voceira neste punto do BNG, a sra. Agra Tuñas, a dar lectura ao texto da moción, cuxo teor literal é o seguinte:

“Neste 2025 cumpríronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei



pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal e os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o medre da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa ás vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada das dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, elimínouse a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a Xunta de Galiza só destina a prevención un 3% dos recursos.

Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descasando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o BNG, no ano 2024 a Xunta privatizaba os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a súa



información.

A privatización, precarización ou carencia de servizos públicos son un obstáculo na loita contra a violencia machista. É por iso que é fundamental tanto acrecentar os recursos económicos para este ámbito como reforzar os servizos públicos.

Algo tan sensible como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular como Eulen ou OHL e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.

Neste 2025 cúmprese tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, que coincide coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos.

Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar o a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No 2024 foron asasinadas, segundo as estatísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vai de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e polo tanto as institucións deben reaccionar reforzando recursos e servizos públicos.

Por estes motivos, a corporación municipal do concello de Outes denuncia que o negacionismo da violencia machista é unha forma de violencia machista e reafirma o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e, así mesmo, anima á veciñanza da localidade a secundar as mobilizacións do movemento feminista galego.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025



adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas

1.1. Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrència e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.

1.2. Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

1.3. Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.

2. Que o concello de Outes elabore e poña en marcha as medidas necesarias para dispor dun plan de igualdade e protocolo de acoso interno que contemple todos os parámetros establecidos por lei.”

Intervén neste punto a concelleira de Compromiso Outes dna. Quintela Vilariño, indicando que o seu grupo non pode poñerse noutro lado que non sexa do lado de quen condena a violencia machista, sendo unha lacra que afecta potencialmente ao 50% do país. Apoiarán a moción.

Intervén polo PP o alcalde, indicando que o BNG aproveita esta moción para facer política e criticar á Xunta de Galicia, olvidando temas como o faio das pulseiras antimaltrato ou as consecuencias da Lei “solo sí es sí”. Indica ademais que o concello ten contratada unha técnica de igualdade que está a elaborar o plan de igualdade que conterà o protocolo de acoso interno. Apoiarán a moción porque son medidas que xa se están a levar a cabo, pero bota en falta que non se inste ao Goberno central a que leve a cabo un protocolo de actuación común para

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025



todas as comunidades autónomas.

Intervén novamente a sra. Agra Tuñas. Indicándolle que todo é unha cuestión política e independentemente dos gastos que estea a levar a cabo a Xunta de Galicia neste eido, o que resulta claro é que está a privatizar todo os servicios relacionados coa violencia machista como o de atención 24 horas ás mulleres. Celebra así mesmo que estea o concello elaborando un plan de igualdade interno e o protocolo de acoso.

Intervén novamente o alcalde para indicar que non ten nada máis que engadir pero que baixo o seu criterio debese requirir a todas as administracións con competencias na materia.

Finalizado o debate sométese a votación o punto, quedando **aprobado por unanimidade dos (12) membros presentes.**

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das resolucións da Alcaldía da 2025-0589 a 2025-0716

O pleno dáse por enterado.

C) MOCIÓNS DE URXENCIA

Por parte do Grupo Municipal Compromiso Outes preséntase unha moción de urxencia co título **“RETIRADA DAS COMPETENCIAS DELEGADAS AO CONCELLEIRO D. JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN”**

Por parte da Alcaldía acórdase realizar un breve receso para proceder á lectura e estudo da mesma con carácter previo á votación da súa inclusión.

Concluído o receso, por parte do sr. González López procedese á explicación da urxencia indicando que en data 19 de outubro de 2025 comunicouse ao concello a expulsión definitiva e firme do PSOE do concelleiro d. José Antonio Caamaño Lestón, o que acorde ao informe emitido pola Secretaría implicaría a revogación de competencias delegadas pola Alcaldía neste. Polo tanto, tráese esta moción para instar ao executivo a que proceda á retirada inmediata das mesmas.

Acto seguinte sométese a votación a inclusión, resultando **seis votos a favor** (Compromiso Outes e BNG) e **seis votos en contra** (PP), quedando desbotada a inclusión da moción para o seu debate e votación.



D) ROGOS E PREGUNTAS**PREGUNTAS****PREGUNTAS****1.- Preguntas orais formuladas no pleno anterior:**

a) BNG

1.- En relación coa páxina web municipal:

-Estas modificacións a efectuar sobre a mesma van supoñer algún incremento no gasto e se teñen algún prazo mais concreto para a entrega e posta en marcha?

- Vaise a contratar unha nova empresa o van continuar coa actual?

O alcalde resposta: *“O que podo dicirle ata o momento e que a paxina web do concello esta funcionando con normalidade e que non recibimos nin queixas, nin suxestións de cambio ao respecto.*

Seguimos analizando posibles modificacións da web, e de momento non temos unha previsión de cando.

Se houbera cambios non valoramos en ningún momento que os fixera unha nova empresa.

Engade o voceiro do BNG que lle resulta sorprendente que non teñan unha previsión xa realizada, que o que están mostrando é desidia, como con todo.

O alcalde responde que ese é o seu criterio, e que a páxina a tal momento funciona correctamente e presta servizo.

2.- En relación co servizo municipal de auga:

O servizo municipal de lectura de contadores de auga pasou a realizalos a empresa Asag, canto supón o custo deste servizo?

Resposta o alcalde indicando que hai unha estimación de gasto de 1.400,00€ +IVA, engadido que aínda non saben se este traballo se poderá realizar con medios propios mais adiante.

2.- Preguntas presentadas por sede electrónica:**a) Compromiso Outes**

Primeira.- (Formula o sr. González López) Visto que con data 19/10/2025 foi comunicada ao Concello de Outes a resolución co data 16/10/2025 ditada pola Comisión Federal de Ética e Garantías do PSOE, pola que se ratifica a expulsión



definitiva de dito partido político do concelleiro D. José Antonio Caamaño Lestón.

Visto tamén o informe da secretaría municipal do 21 de febreiro de 2025 (Exp. 192/2025) e de conformidade coas limitacións do art. 73.3 3º da LRBRL, e da xurisprudencia de aplicación, por todas, STS 1401/2020 de 26 de outubro, relativa aos dereitos políticos e económicos dos “concelleiros non adscritos”,

Formúlanse as seguintes preguntas:

1. Cando vai o Señor Alcalde retirarlle as competencias delegadas ao concelleiro D. José Antonio Caamaño Lestón así como o salario que percibe polas mesmas?
2. Coñece o Señor Alcalde as consecuencias de non actuar conforme o establecido no informe de secretaría do 21 de Febreiro de 2025?

Resposta o alcalde, indicando que: *“Hoxe acábase de dar conta do pase do Sr. Caamaño a condición de non adscrito, coas consecuencias que eso conleva segundo a lei, das cales se dou conta no día de hoxe nos puntos correspondentes deste pleno.*

Según os servicios xurídicos do concello, agora temos que darlle audiencia ao Sr. Caamaño.

Polo tanto neste momento non lle podo dar unha data dun acontecemento que non sabemos se vai suceder.”

Así mesmo engade, respecto a segunda parte da súa pregunta, pensamos que sería mellor que a contestara o anterior alcalde, e dicimos isto porque, foi él quen no pleno do 26-05-22 fixo unha proposta co fin de que se ratificase polo pleno unha prórroga feita por el do contrato do servizo do SAF (Servizo de Atención no Fogar) que levaba asociado un informe de secretaría que dicía que facer esa prórroga era un “acto nulo de pleno dereito”, e vostede o que fixo foi desoír o contido dese informe.

O sr. González di que non lle respondeu e que o informe da sra. secretaria é un informe moi claro respecto das consecuencias do pase a non adscrito.

Segunda.- (Formula a sra. Quintela Vilariño) Somos coñecedores dende fai uns meses de que a empresa que estaba realizando a obra da Praza do Concello dou en quebra xusto antes de poder rematar pequenos detalles que faltaban para facer entrega da obra. Parécenos que a cidadanía leva xa demasiado tempo sen poder usar nin desfrutar desta infraestrutura pública e por iso:

Formúlanse as seguintes preguntas:

- Cales son os motivos polos que a Praza do Concello non está dispoñible para uso e desfrute dos veciños?

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025



- Teñen unha data prevista para abrir esta infraestrutura?

Resposta o alcalde: “ A praza do Concello está sen abrir o público porque de momento non está recepcionada.

Como vostedes deberían saber, porque isto sucedeu durante o seu mandato, esta obra non foi licitada polo Concello de Outes, senón polo Concello de Noia en nome da ADR Ría de Muros e Noia, que é a promotora da actuación. Polo tanto, a resolución deste asunto non depende directamente do Concello.

De calquera maneira, certo é que dende o minuto un, interesámonos pola situación desa obra, tendo reunións tanto co director de obra como con responsables da ADR onde nos informaron da situación que facendo un resúmen e de que:

En primeiro lugar estábamos ante un proxecto recortado, iso quere dicir, que do proxecto inicial foron retiradas partidas tales como: instalación eléctrica, instalación de rego, recollida de augas e enlousado da zona de acceso a praza onde se encontra a estatua do Poeta Añón e máis a reparación e pavimentación do vial de acceso rodado.

En segundo lugar, informáronos dos defectos de execución, sobre todo en xardinería, barandillas, rexillas e o pavimento central do solo cemento que nos consideramos que non son “pequenos detalles” como vostedes lles chaman na introdución desta pregunta. Ademais de coñecer a suspensión de pagos da empresa adxudicataria.

A partir da situación descrita fixemos todo o que estaba nas nosas mans , vaiado, corte de herba, etc e a última noticia que temos é que temos é se está intentando incautar a garantía depositada para poder realizar as actuacións imprescindibles para poder utilizar a praza con seguridade e recepcionar a obra.”

A sra. Quintela Vilariño intervéen indicando que lle agrada que se estea intentando incautar a fianza, pero solicita do goberno que interveña para axilizar a execución das actuacións.

b) BNG

Primeira.- (formula sr. Núñez Fernández) En febreiro deste mesmo ano, o noso goberno deixaba preparada a primeira vivenda pública municipal, sita na escola do Bosque. Tendo en conta que xa tiñamos aprobadas as ordenanzas pertinentes con anterioridade, a que se demora o seu goberno en alugar esta vivenda? Cando pensan abrir o proceso?



Resposta o alcalde: *“ Este Goberno constituíuse a finais de Marzo, cando se estaba efectuando unha obra na rúa que da acceso a ese edificio e que finalizou ben entrado o verán polo que non nos parecía o momento máis axeitado para acometer esa actuación, ademais para facer o proceso de adxudicación fai falta o concurso dos servizos de Intervención e Secretaría, que como vostedes saben, teñen un gran volume de expedientes abertos, polo que en canto se poida acometeremos esa labor, esperando que sexa o máis pronto posible.*

Segunda.- (formula sr. Núñez Fernández) Xa dixemos no seu momento e seguimos confirmándoo a cada paso que dan: a vostedes, o único que lles interesou dende o primeiro momento, é o poder polo poder. A moción de censura que vostedes presentaron en Outes é unha “plantilla” que reutilizaron hai escasas semanas en Ribeira. As mesmas palabras, expresión e escusas xenéricas nos dous concellos. Case 5 minutos enteiros palabra por palabra. Quen lles redactou a moción de censura? Quen foi o promotor?

Resposta o alcalde: *“Non no la redactou ninguén, foi redactada polo conxunto dos membros do actual Grupo de Goberno que ten vostede diante.*

De todos modos, vindo de vostedes, entendemos a pregunta, porque de copias e plantillas seguramente saben máis vostedes que nos, como se pode desprender do episodio do deseño da imaxe corporativa do Concello, tan similar, por dicilo dalgunha maneira, a do Concello de Pontevedra.

En canto a quen foi o promotor da Moción de Censura, dicir unicamente que a nos parécenos que vostedes non quixeron entender nada do contido argumental da Moción, pero pensábamos que tiñan claro quenes eran os promotores dela, pero por se non o saben decímosllo nos, os promotores da Moción de Censura somos os firmantes da mesma, e dicir, os membros do actual Goberno Municipal.

Terceira.- (formula sr. Núñez Fernández) O luns da semana pasada abriu o prazo para gastar os bonos “MercaNaVila” promovidos pola Deputación da Coruña. No concello de Outes temos 12 establecementos adheridos a esta campaña de apoio ao comercio local.

Quedamos perplexos ao ver que tardaran máis dunha semana en facer unha comunicación pública ao respecto e que, unha vez feita, non incluíra, se queira, unha listaxe dos comercios adheridos. Dende o BNG consideramos que o concello ten que esforzarse un pouco máis en apoiar ao comercio local. Consideran que foi suficiente?

Resposta o alcalde: *“Primeiro, quixéramos dicir que nos parece sorprendente que cuestionen vostedes o papel do Concello na promoción dun programa que*



pertence a outra administración, neste caso á Deputación, cando esa mesma administración non tivo contacto algún con este Concello para informarnos da mesma nin para establecer un plan de cooperación dirixido a promoción da campaña.

Aínda así, cando saen no BOP do 3 de outubro as bases da mesma, dende o servizo de Desenvolvemento Local fíxose unha publicación onde se informaba ao respecto. E máis tarde tamén se publicou no Facebook do Concello información sobre o tema, por certo, os comercios adheridos figuraban nun vídeo tutorial sobre o funcionamento do bono que se incluía na publicación.”

Cuarta.- (formula sra. Agra Tuñas) A día de hoxe seguimos sen saber se o concello de Outes vai manter os obradoiros de elaboración de Sancosmeiros que viñemos facendo nos últimos anos co fin de preservar e promover este patrimonio inmaterial municipal de altísimo valor. Durante o noso goberno sempre anunciábamnos as datas cando se sacaba o catálogo de actividades culturais e deportivas en setembro. O seu goberno vai eliminar esta actividade?

Resposta o alcalde: *“ Non, o noso Goberno non vai a eliminar esa actividade. Como dixen antes, non imos eliminar nada diso, senón que estamos intentando melloralala e aumentar o seu alcance. Está previsto o seu comezo para primeiros de ano e cando se teña a concreción das datas farémolas saber.”*

Quinta.- (formula sr. Núñez Fernández) Xa vai un ano dende que aprobamos a modificación do PXOM para crear o novo parque empresarial de Outes onde podamos dotar de solo industrial ás empresas e emprendedoras do noso concello. A día de hoxe aínda non recibimos ningunha convocatoria da comisión especial nin ningún avance informativo do estado deste trámite. En que estado se atopa e cando foi a última xestión que fixo o seu goberno neste sentido? Cando procederán cunha convocatoria para analizarmos a documentación actual?

Resposta o Alcalde: *“Primeiro aclarar que na súa exposición fala de que se aprobou a modificación do PXOM, pero o que se aprobou ata o de agora foi unha aprobación provisional.*

Dito isto, respecto a súa pregunta:

Como vostedes deberan saber, despois desa aprobación provisional o seguinte paso era solicitar un informe a Costas do Estado o cal xa estaba feito polo seu goberno.

A finais do pasado mes de maio recibimos informe desfavorable por parte de Costas do Estado en contestación a solicitude feita por vostedes.

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025



A partir de ahí o equipo redactor estudiou ese informe desfavorable. Despois de telo analizado, encontramos cunha situación de proceso de transferencias de competencias de Costas do Estado a Xunta de Galicia, polo que o equipo redactor despois de facer distintas consultas non obtivo respostas sobre a quen lle corresponderían as competencias sobre os planeamentos.

Recentemente, informáronnos de que as competencias en materia de autorización de obras dependen da Xunta de Galicia pero as competencias de planeamento seguen a ser competencia do Estado.

Neste momento estase xestionando unha xuntanza cos responsables de Costas do Estado e o equipo redactor para aclarar puntos sobre ese informe desfavorable que ten que ver cos porcentaxes de edificabilidade.

Despois de que o equipo redactor teña esta reunión cos responsables de Costas para ver as posibles vías para poder subsanar ou non as deficiencias reflexadas en dito informe desfavorable poderemos informarlles dos pasos a seguir.

Mentras non se manteña esa reunión non ten sentido convocar a comisión.”

Sexta.- (formula sr. Núñez Fernández) No proxecto de orzamentos que deixamos pendente de aprobar antes da moción de censura, deixamos unha partida de 20.000 € para obras en cultura que se ían empregar, case integramente, no cambio de cuberta da escola de música municipal. Estamos a rematar o ano e non se albisca o comezo desa obra. Esta é unha actuación necesaria e urxente. Pensan deixala apartada nun caixón?

Resposta o Alcalde: *“Non, non pensamos de ningunha forma deixala nun caixón. Estamos facendo as xestións necesarias para acometer esa obra canto antes, pero despois de visitar as instalacións, parécenos que actuación debería ser algo máis completa, e estamos buscando financiamento para poder acometer a obra de maneira máis global, de xeito que as arcas municipais non se resintan ou se resintan o menos posible.”*

Sétima.- (formula sr. Núñez Fernández) Na horta do muíño taláronse, alomenos, dous castiñeiros autóctonos nos que se instaláron unhas mesas de madeira durante o San Cristovo. Por que motivo se talaron? Non se pensa facer un replantado?

Resposta o Alcalde: *“¿Porque se talaron? Sorprendenos moito que vostedes se preocupen pola tala de árboles despois do seu curriculum nesta materia que acumularon vostedes ao seu paso polo goberno, un exemplo está aquí detrás de nos, coa tala de dous árbores centenarias en perfecto estado de saúde.*

E contestando directamente a súa pregunta, queremos decirlle que os dous
BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025



castiñeiros talados na horta do muiño no mes de Xullo, foi por un tema de seguridade, xa que os mesmos estaban secos dende facía bastante tempo, con varias ramas en perigo de caer. Pero xa, por se alguen o poñía en dúbida, antes de proceder a súa tala, documentamos graficamente o seu estado, aquí están se as queren ver.

En canto a segunda parte da súa pregunta a contestación é que sí, pensamos facer replanteo destas e máis doutras que secaron anteriormente.”

Oitava.- (formula sr. Núñez Fernández) O alumeado de nadal e festivo que deixou mercado o noso executivo quedou, durante meses, pendurado na horta do muiño. Parécelles que este é xeito de preservar o material municipal?

Resposta o alcalde: *“Vendo a introdución da súa pregunta, creemos que xa lle queda claro a todo o mundo o seu gran logro de deixar mercadas unhas tiras de luces led. Seguindo a leer a mesma exposición, onde dín que quedaron penduradas durante meses, non estamos seguros se esa afirmación será certa, porque as luces foron instaladas na Horta do Muiño para as festas do Santiaguíño sobre o 20 de Xullo, foron utilizadas a primeiros de agosto para a festa dos callos e decidiuse que quedaran alí ata mediados de setembro, por se foran necesarias para calquer outro evento. Finalmente foron retiradas a finais de setembro polo que dudamos que chegaran a estar dous meses penduradas.*

Nos entendemos que as luces de nadal e festivos son para darlle uso e non para estar gardadas nunha caixa.

E con respecto a se nos parece este un bo xeito de preservar o material municipal, parécenos que usar os bens municipais naqueles usos para os que foron destinados, e a maneira correcta de proceder.

Mellor sería para todos, se cando estiveron no goberno se preocuparan de darlle o uso adecuado as maquinarias “que deixou o anterior goberno mercadas” e non deixalas durante anos, non meses, a intemperie ata o punto de que a día de hoxe esta desbrozadora de brazo está inservible e irrecuperable.”

3.- Preguntas orais:

1.- Compromiso Outes

Formula o sr. González López a seguinte pregunta: Respecto do concelleiro non adscrito dixo vostede que iban a recabar novos informes xurídicos. ¿Eses informes van a ser externos ou informes dos servizos xurídicos do Concello? Engade que o seu grupo municipal ten acordado cos responsables do PSOE solicitar informes neste senso á Deputación da Coruña e Ministerio de función Pública.

BORRADOR ACTA PLENO ORDINARIO 30/10/2025

Rúa da Vila, 1. 15230 Outes. A Coruña | 981 85 00 03 | concello@out.es | **out.es**



2.- BNG

Formula o sr. Núñez Fernández a seguinte pregunta: Hoxe fomos coñecedores de que se avisou ás persoas usuarias da cancelación da actividade de deportes de raqueta, respecto do cal o noso grupo entende que non é a forma de proceder. ¿Por que se tomou esa decisión, por que o fan despois de dar comezo á actividade e se lle parece axeitado ese proceder?

ROGOS

1.- BNG

Formula o sr. Núñez Fernández o seguinte rogo oral: logo das accións emprendidas polo noso goberno fomos coñecedores de que a Consellería de Patrimonio aceptou restaurar e adecentar o busto de Sabardes, que é unha peza de gran valor xa que é único no seu estilo e estado de conservación, e dota de identidade histórica ao noso concello. Polo tanto roga ao Goberno que prepare e expoña a peza á veciñanza para que esta teña coñecemento da mesma.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:32 horas, de todo o cal, como secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

